

## **NORMATIVA POLA QUE SE REGULA A DEDICACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR**

**(Aprobada por Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014, modificada nos CG do 27/10/2015, do 25/02/2016 e do 27/04/2017 e do 03/04/2018)**

---

### **ACTIVIDADES DO PROFESORADO**

---

Durante os últimos anos, tentouse regular diversos aspectos relacionados coa actividade do profesorado universitario con varias iniciativas legislativas. Probablemente a máis ambiciosa foi o último borrador do Estatuto do Persoal Docente e Investigador das Universidades Públicas Españolas. Este documento establecía algúns principios como un reparto do 80% da xornada laboral, estimada en 1.650 horas anuais (44 semanas x 37,5 horas semanais), entre actividades docentes e investigadoras, quedando o resto para actividades de formación de diversa natureza. Así mesmo, contemplaba a posibilidade de que a parte da xornada laboral destinada a docencia e investigación puidera reducirse en función das actividades de xestión e dirección realizadas polo profesorado.

A non aprobación do mencionado Estatuto imposibilita contar hoxe cuns criterios homoxéneos que regulen a dedicación horaria do profesorado en todas as Universidades españolas, polo que, no seu caso, dita regulación deberá ser articulada polas Comunidades Autónomas ou polas propias Universidades. A Lei 6/2013, do SUG, no seu artigo 92.4 recolle que: “As universidades públicas do SUG, no exercicio da súa autonomía, poderán establecer a distribución da dedicación do persoal docente e investigador ao seu servizo a cada unha das funcións de docencia, investigación e transferencia de coñecemento, segundo o establecido na normativa vixente”.

Nese mesmo artigo regulase que as universidades logo de negociación cos representantes dos traballadores, poderán establecer directrices e criterios para identificar e recoñecer orientacións específicas en función das características da actividade docente e investigadora das diversas ramas de coñecemento e ámbitos disciplinares e dun tratamento equilibrado entre estes.

En tanto non se acometa un estudio global da xornada laboral do profesorado universitario, este documento aborda aspectos básicos relativos á actividade do profesorado e a súa repercusión sobre as tarefas docentes presenciais condicionado polas dispoñibilidades orzamentarias e do contexto normativo actual nos ámbitos estatal e autonómico.

Débase sinalar que esta relación non pretende medir exactamente todas e cada unha das actividades que realiza o PDI da UDC con dedicación a tempo completo, senón recoñecer aquelas que se queren impulsar co obxecto de conseguir os obxectivos descritos no Plan Estratéxico da UDC e mellorar os indicadores externos de avaliación da universidade. Para a súa posta en práctica no menor tempo posible, as actividades que se recoñecen han de ser de fácil verificación, de forma automatizada e con periodicidade anual.

Convén indicar, finalmente, que é previsible que esta normativa teña repercusións de diferente signo nas distintas áreas de coñecemento, mais non debería supoñer cambios no número de efectivos totais do PDI.

## 1. DEDICACIÓN ACADÉMICA (DA)

A dedicación académica de cada docente establécese como a suma de horas dedicadas a impartir aulas presenciais máis as horas de dedicación a outras tarefas docentes, de xestión, de investigación e de transferencia de coñecemento que figuran nesta normativa.

A dedicación correspondente ás aulas presenciais desagregase en horas de docencia expositiva, horas de docencia interactiva, horas de tutoría en grupos reducidos, horas de docencia práctica (laboratorios) e horas de docencia asistencial recollidas no POD do/a profesor/a.

A capacidade docente do profesorado establécese para cada grupo de dedicación na seguintes táboas:

<b>Profesorado dos corpos docentes universitarios</b>	
TU; CEU e TEU con 3 ou 4 avaliacións positivas da actividade investigadora, tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD <sup>1</sup>	160 horas lectivas anuais
CU con 4 avaliacións positivas da actividade investigadora, tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD <sup>1</sup>	
CU; TU; CEU e TEU con 5 ou máis avaliacións positivas da actividade investigadora, independentemente da data na que se superou a máis recente <sup>1</sup>	
TU; CEU e TEU con 1 ou 2 avaliacións positivas da actividade investigadora, tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD <sup>1</sup>	240 horas lectivas anuais
CU con 1, 2 ou 3 avaliacións positivas da actividade investigadora, tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD <sup>1</sup>	
CU, TU, CEU e TEU que non se atopen nos casos anteriores	320 horas lectivas anuais
CU, TU, CEU e TEU con dedicación a tempo parcial	Entre 90 e 180 horas anuais

<sup>1</sup> Tomarase como referencia o 31 de decembro do ano anterior á elaboración do POD

<b>Profesorado contratado con vinculación permanente e dedicación a tempo completo</b>	
<b>Profesorado doutros corpos de funcionarios/as e dedicación a tempo completo<sup>2</sup></b>	
Que acadasen 3 ou máis avaliacións positivas da actividade investigadora (en virtude do convenio suscrito entre a UDC e a CNEAI), tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD <sup>1</sup>	160 horas lectivas anuais
Que acadasen 1 ou 2 avaliacións positivas da actividade investigadora (en virtude do convenio suscrito entre a UDC e a CNEAI), tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD <sup>1</sup>	240 horas lectivas anuais
Que non puidese ter sometido a avaliación a súa actividade investigadora por non cumprir un mínimo de seis anos avaliáveis <sup>1</sup>	
Que non se atopen nos casos anteriores	320 horas lectivas anuais

<b>Profesorado contratado con vinculación non permanente e dedicación a tempo completo ou parcial</b>	
Profesores colaboradores con contrato non permanente	320 horas lectivas anuais
Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución a tempo completo Profesores/as Lectores a tempo completo	300 horas lectivas anuais
Profesores/as Axudantes doutores/as e profesores/as visitantes	230 horas lectivas anuais
Profesorado contratado con vinculación non permanente e dedicación a tempo parcial (Lectores, Asociados/as; Visitantes, Contratados/as Interinos/as de Substitución)	Entre 90 e 180 horas anuais
Axudantes	Ate 60 horas anuais

<b>Profesorado con docencia asistencial e dedicación a tempo completo ou parcial<sup>3</sup></b>	
Profesores/as Asociados de Ciencias da Saúde (PACS) con docencia só clínica (asistencial)	450 horas anuais

<sup>2</sup> Inclúense aos/ás Profesores/as do INEF e Profesores/as de EO de Náutica

<sup>3</sup> RD 1652/1991, de 11 de outubro

## 2. ENCARGO DOCENTE

O encargo docente a unha área/departamento estará constituído polo número de horas de docencia expositiva, horas de docencia interactiva, horas de titoría en grupos reducidos, horas de docencia práctica (laboratorios) e horas de docencia asistencial recollidas no Plan Docente Anual (PDA) de cada titulación oficial.

Forman parte tamén do encargo docente as actividades relacionadas na seguinte táboa:

	ACTIVIDADE	HORAS	RESPONSABLE
D1	Dirección de Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Mestrado (TFM)	<p>As direccións dos TFGs/TFMs computarán:</p> <p>6 horas se os TFGs/TFMs son de 6 ECTS            8 horas se os TFGs/TFMs son &gt; 6 ECTS e &lt;= 12 ECTS.            10 horas se os TFGs/TFMs son de máis de 12 ECTS</p> <p>Imputarase o traballo que foi presentado e defendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á aprobación do POD</p>	Dirección de centro VPPD
D2	Membros das Comisións de Avaliación dos Traballos Fin de Grao (TFG) e Mestrado (TFM)	<p>Terán dereito, de forma persoal, a un cómputo de 5 horas</p> <p>Computarase unha Comisión para cada 10 TFGs/TFMs, noutro caso de maneira proporcional</p>	Dirección de centro
D3	Titorización académica de Prácticas Externas obrigatorias ou optativas en empresas e outras institucións <sup>4</sup>	<p>A dirección de actividades de prácticas externas computará 2 horas por estudante para prácticas de 12 ECTS, cun límite de 30 horas por PDI para cada curso académico</p> <p>A imputación farase no curso académico seguinte da súa realización, independentemente da súa cualificación</p>	Dirección de centro VPPD

<sup>4</sup> A dirección de actividades de prácticas externas obrigatorias (practicum e similares) xa conta cunha cuantificación específica na PDA correspondente

	ACTIVIDADE	HORAS	RESPONSABLE
D4	Dirección de teses de doutoramento	<p>Cada tese doutoral dirixida e defendida na UDC durante os dous últimos anos (tomando como referencia o 31/12 do ano anterior á elaboración do POD) computará 30 horas ao/á director/a. No caso de co-dirección estas horas se distribuirán de forma equitativa entre os/as directores/as.</p> <p>Como máximo, computarase 60 horas por profesor/a en cada curso académico.</p>	VPCIT EIDUDC
D5	Docencia en galego/inglés	<p>Ao profesorado que imparta docencia en galego por primeira vez imputaráselle 25 horas no primeiro curso académico e nos dous inmediatamente seguintes, sempre que acredite que o fai, polo menos, no 50% da docencia encargada.</p> <p>As materias que se impartan en inglés (co visto e prace das vicerreitorías con competencias en profesorado e internacionalización) xeran un número de horas para imputar ao profesorado que as imparte equivalente ao 50% das horas presenciais do grupo de inglés. Estas horas serán distribuídas proporcionalmente entre o profesorado encargado desta docencia.</p> <p>Como máximo, computarase 30 horas por profesor/a en cada curso académico.</p> <p>Esta imputación aplicarase a partir do curso no que un/unha profesor/a imparta unha materia en inglés por primeira vez.</p> <p>Se o/a profesor/a que computa horas por este concepto non pode acreditar os feitos que deron lugar a este dereito, incrementará a súa capacidade docente, no seguinte POD, en tantas horas como computou por este concepto.</p>	Dirección de centro VPPD VIC

### 3. COMPENSACIÓNS E REDUCIÓNS DOCENTES

Determinadas actividades académicas de interese universitario xeral poderán ser consideradas e, no seu caso, compensadas, como parte do réxime de dedicación do profesorado a tempo completo. Con estes mesmos efectos, considerarase a redución que corresponde ao profesorado que intervén en órganos de representación sindical, en aplicación da lexislación vixente.

O obxectivo final destas compensacións obedece a unha política que contemple un concepto de dedicación académica para o profesorado que inclúa a docencia, a investigación, a innovación e transferencia e a xestión.

#### 1. Por Actividades de Xestión Universitaria (AXU)

Compensación por cargo ou posto	
Cargo/posto	Compensación
Reitor e valedor universitario	Exentos
Vicerreitor/a e secretario/a xeral	240 horas
Decano/a, director/a de centro e asimilados	160 horas
Vicedecano/a, subdirector/a, secretario/a de centro	120 horas
Director/a de departamento/instituto universitario e asimilados	100 horas
Secretario/a de departamento e asimilados	60 horas

Cargo	Redución asimilada a
Adxunto/a a vicerreitor/a Director/a da Escola de Doutoramento Director/a de Campus de Especialización da UDC	Decano/a Director/a de Centro (160 horas)
Secretario/a da Escola de Doutoramento	Secretario/a de centro (120 horas)

Cargo	Redución asimilada a
<p>Directores/as e coordinadores/as das seguintes Unidades e Centros:</p> <p>Aula de Formación Informática (AFI), Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), Centro de Linguas, Observatorio Ocupacional, Normalización Lingüística, Universidade Sénior, Servizo de Publicacións, Oficina de Cooperación e Voluntariado, Oficina para a Igualdade de Xénero, Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT), Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC), Servizos de Apoio á Investigación (SAI), Área de Deportes, Oficina de Medio Ambiente (OMA), coordinador/a da Axencia Estatal de Investigación, responsable de Análise e Xestión de Datos, colaborades/as científicos coa Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica do Ministerio de Economía e Competitividade, coordinador/a da Aula Náutica, coordinador/a ou director/a do Campus UDC=Universidade Saudable</p>	<p>Director/a Departamento (100 horas)</p>
<p>Subdirector/a da Universidade Sénior, coordinador/a xeral do Plan de Acción Titorial (PAT), vicecoordinador/a do CITIC, coordinador/a da Unidade de Divulgación Científica e Cultural, coordinador/a de Formación e Asesoramento, coordinador/a de Soporte á Docencia, coordinador/a da Clínica Podolóxica</p>	<p>Secretario/a Departamento (60 horas)</p>

### Compensacións pola xestión realizada en períodos inmediatamente anteriores

A esta compensación poderá acollerse, cando finalice o seu mandato, o profesorado que tivese ocupado, durante un período mínimo de catro anos consecutivos, un cargo académico dos recollidos no artigo 22.b dos Estatutos da UDC e asimilados, sempre que dito cargo supoña unha compensación por xestión universitaria igual ou superior a 120 horas.

A compensación será o 25% da que se lle viña aplicando, e computará a partir do curso académico seguinte ao cesamento, e por un período máximo de catro cursos.

No caso do desempeño de cargos con exención total de docencia, a redución será equivalente ao 25% da dedicación que lle correspondese no último curso académico no que ocupou o cargo.

Esta compensación é incompatible:

- Coa solicitude de ano sabático durante o período de 10 anos desde o cesamento
- Con calquera outra compensación por actividades de xestión universitaria por cargo ou posto

VPPD

As compensacións por xestión universitaria non serán acumulables entre si. Nos casos en que se exerzan simultaneamente cargos diferentes, aplicárase a maior das compensacións.

As compensacións por cargo calcúlanse proporcionalmente de acordo coas datas de nomeamento e de cese, e tomando como referencia o curso académico (desde o 1 de setembro ata o 31 de agosto).

## 2. Representación sindical do PDI

O profesorado que pertenza aos órganos de representación sindical do PDI terá dereito á redución docente que establece a lexislación vixente: Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a normativa en vigor aplicable ao PDI funcionario ou contratado.

Non teñen consideración de compensación por xestión universitaria as derivadas da representación sindical.



### 3. Recoñecementos como apoio á actividade docente dos centros (RAADC)

Cada facultade/escola recibirá unha bolsa de horas calculada, en base aos datos do curso académico anterior, segundo os seguintes criterios:

ACTIVIDADE	HORAS
Coordinación de titulacións de grao, prevista no Plan Director de Racionalización de Estruturas Académicas da UDC	25 horas en centros con equipas de dirección de só tres membros
Coordinación de Sección Departamental, prevista no Regulamento Marco de Departamentos	10 horas por Sección Departamental que agrupe, como mínimo, dez profesores/as permanentes a tempo completo
Titorización de estudantes de intercambio	10 horas por cada 10 estudantes dos programas de intercambio
Titorización académica de Prácticas Externas extracurriculares en empresas e outras institucións	A dirección de actividades de prácticas externas extracurriculares computará 2 horas por estudante para prácticas de 12 ECTS <sup>5</sup>  Tomarase en conta os datos do curso académico inmediatamente anterior á data de elaboración do POD
Titulación de grao adscrita ao centro	25 horas por titulación  35 (25+10) horas se o grao é interuniversitario e a UDC actúa como coordinadora ou é de carácter internacional.
Mestrado Universitario	25 horas por mestrado adscrito ao centro  35 (25+10) horas se o mestrado é de carácter internacional ou interuniversitario, sempre que a UDC actúe como coordinadora
Plan de Acción Titorial do centro	1 hora por cada 30 estudantes de grao e mestrado  Tomarase en conta os datos do curso académico inmediatamente anterior á data de elaboración do POD
Participación na implantación de titulacións internacionais dobres ou conxuntas	10 horas por titulación
Promoción de títulos de Grao	20 horas por centro

<sup>5</sup> 12 ECTS equivalen a 300 h de prácticas do/a alumno/a

Cuantificada a bolsa de horas a dirección do centro poderá distribuila entre o profesorado a tempo completo na contía que estime oportuna para a realización de actividades académicas e de coordinación. Isto é, podería utilizar os mesmos criterios que deron lugar a ó cálculo da bolsa, incentivar unhas actividades en detrimento doutras das relacionadas anteriormente ou substituír algunha das actividades anteriores por outras de interese para o centro (sempre que previamente foran aprobadas pola xunta de centro ou comisión en quen delegue).

Incompatibilidade:

A compensación de horas ao profesorado polas actividades relacionadas neste apartado é incompatible con calquera outra redución por xestión incluída no apartado 3.1

#### 4. Méritos docentes

	ACTIVIDADE	HORAS	RESPONSABLE
MD	Quinquenios	Cada quinquenio recoñecido a 31/12 do ano anterior ao que se elabore o POD, dará dereito a unha compensación do 2% da dedicación académica (DA)	VPPD

**5. Actividades de Intensificación en Investigación e Transferencia (AIIT)**

ACTIVIDADES DE INTENSIFICACIÓN EN INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA (Só PDI tempo completo)				
	ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN/HORAS		RESPONSABLE
11	Participación en proxectos de investigación de carácter competitivo	<p>Horas de compensación:            Proxectos Europeos: 60 horas            Proxectos Estatais: 40 horas            Proxectos Autonómicos: 30 horas.            Coa mesma compensación que os proxectos autonómicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As axudas de grupos obtidas nas convocatorias de consolidación da Xunta de Galicia (grupos de referencia competitiva e grupos de potencial crecemento e redes)</li> <li>• Os proxectos para equipos emerxentes</li> <li>• Os obtidos nas convocatorias da Axencia Galega de Innovación</li> </ul>	<p>Requisitos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Que a UDC participe e sexa receptora directa dos fondos.</li> <li>2. Que o/a investigador/a principal (IP) e o/a coordinador/a do grupo ou rede sexa da UDC.</li> <li>3. Que fora concedido ata o 31 de decembro do ano anterior a aquel no que se está elaborando o POD. A compensación en POD será igual ao número de anos de duración do proxecto.</li> </ol> <p>Do total de horas que lle corresponden ao proxecto, será o IP o que faga o reparto das horas de compensación entre o profesorado a tempo completo que participa no proxecto.</p>	VPCIT

ACTIVIDADES DE INTENSIFICACIÓN EN INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA (Só PDI tempo completo)				
	ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN/HORAS		RESPONSABLE
12	Presentación de proxectos ás convocatorias do programa H2020 <sup>6</sup>	<p>1. Compensarase con 30 horas si o proxecto é presentado por un consorcio no que o equipo da UDC é o líder</p> <p>2. Compensarase con 20 horas noutro caso</p>	<p>Requisito:</p> <p>O proxecto presentado (sexa financiado ou non) debe contar con informe positivo da OTRI. Este informe acreditar á a calidade formal da proposta</p> <p>A exención farase efectiva na elaboración do seguinte POD logo de terse presentado o proxecto.</p> <p>O reparto das horas será competencia do/a profesor/a responsable de presentar o proxecto</p>	VPCIT OTRI

<sup>6</sup> E proxectos INTERREG mentres correspondan a convocatorias do programa H2020

ACTIVIDADES DE INTENSIFICACIÓN EN INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA (Só PDI tempo completo)				
	ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN/HORAS		RESPONSABLE
13	Participación en contratos con entidades que reverten fondos á UDC	<p>Terán dereito a horas de compensación os contratos en vigor regulados ao amparo do art. 83 da LOU e rexistrados a través da OTRI.</p> <p>Inclúense os asinados entre o día 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior ao POD que se está a elaborar.</p> <p>O total da compensación establécese en función das seguintes contías (excluído calquera tributo ou gravame):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 30 horas: máis de 75.000 €/ano</li> <li>- 20 horas: &gt; 25.000 €/ano e &lt;= 75.000 €/ano</li> <li>- 10 horas: &gt;= 3.000 e &lt;= 25.000 €/ano</li> </ul>	<p>O investigador responsable do contrato distribuirá a compensación de horas que correspondan por convenio ou contrato entre os membros do equipo.</p> <p>Queda excluído do reparto o profesorado que teña participación na/as empresa/s coa/s que se asina o convenio/contrato.</p> <p>A redución realizarase no POD nun período igual ao número de anos de duración do contrato.</p> <p>O límite por este concepto será de 15 horas por PDI.</p>	VPCIT OTRI
14	Coordinación de grupos de investigación	<p>Darán dereito a unha compensación segundo a cualificación do grupo pola Agencia Estatal de Investigación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 15 horas valoración entre 31 e 50 puntos</li> <li>- 10 horas valoración entre 11 e 30 puntos</li> </ul>	<p>O/A coordinador/a poderá repartir a compensación entre os membros do grupo de investigación.</p>	VPCIT

## 6. Méritos de investigación (MI)

	ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN/HORAS	RESPONSABLE
MI1	Profesorado permanente a tempo completo e dedicación, segundo as táboas do apartado 1, igual a 320 horas lectivas	Aplicarase unha compensación de 15 horas por cada tramo de investigación recoñecido, independentemente da súa data de efectos.	VPPD
MI2	Catedráticos de Universidade con tres avaliacións positivas e dedicación, segundo as táboas do apartado 1, de 240 horas lectivas	Aplicarase unha compensación de 30 horas, sempre que a avaliación máis recente fora nos últimos 7 anos (tómase como referencia o 31/12 do ano anterior á elaboración do POD).	VPPD
MI3	Avaliación da Agencia Estatal de Investigación dos investigadores da UDC <sup>7</sup> .	O profesorado a tempo completo avaliado pola Agencia Estatal de Investigación antes do 31/12 do ano anterior ao que se elabore o POD, terá dereito durante os tres cursos académicos seguintes á compensación de: <ul style="list-style-type: none"> <li>- 20 horas se o resultado da avaliación é A</li> <li>- 15 horas se o resultado da avaliación é B</li> <li>- 10 horas se o resultado da avaliación é C</li> <li>- 5 horas se o resultado da avaliación é D</li> </ul>	VPCIT

## 7. Outras Actividades (OA)

OUTRAS ACTIVIDADES (Só PDI tempo completo)			
	ACTIVIDADE	HORAS	RESPONSABLE
G1	Centro de Linguas	80 h para o Secretario/a e coordinadores/as do Centro de Linguas distribuídos polo director/a do centro	Director/a Centro Linguas
G2	Director/a de Cátedra/Aula Institucional	25 horas	VPCIT Secretaría Xeral
G3	Proxectos internacionais correspondentes a accións de Erasmus +	Coordinación: 30 horas Participación como socio: 10 horas	VIC
G4	Secretaría dos cursos da International Summer School da UDC	60 h distribuídos pola vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	VIC

<sup>7</sup> O profesorado xa avaliado manterá a compensación mentres a convocatoria imposibilite a súa participación.

OUTRAS ACTIVIDADES (Só PDI tempo completo)			
	ACTIVIDADE	HORAS	RESPONSABLE
G5	Xestión de Programas de Doutoramento autorizados conforme ao RD 99/2011	<p>Ao coordinador/a da Comisión Académica do Programa de Doutoramento:</p> <p>20 horas por programa de doutoramento</p> <p>40 horas se o programa ten mención de excelencia ou, sen acadar dita mención, conta coa avaliación positiva</p> <p>Se o/a coordinador/a exerce algún cargo de xestión a compensación distribuirase equitativamente entre os membros da CAPD</p>	CAPD

---

#### 4. ACTIVIDADE DOCENTE MÍNIMA

---

Todo o profesorado a tempo completo deberá destinar como mínimo 120 horas da súa capacidade docente a desenvolver actividades recollidas no apartado 2 desta norma. Esta dedicación poderá modularse anualmente na normativa que regula o POD.

Para o secretario/a xeral e os vicerreitores/as o límite anterior fixarase en 60 horas. Para os/as decanos/as e director/as de centro, cargos con reducións asimiladas a decanos/as e coordinadores/as de centros tecnolóxicos fixarase en 80 horas.

Os/As axudantes só poderán ter compensacións derivadas do apartado de AIIT.

##### **Disposición adicional**

O órgano habilitado para dilucidar calquera dúbida ou problema de interpretación ou de aplicación desta normativa será a Comisión Delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado.

##### **Disposición final**

Esta normativa substitúe e derroga calquera outra norma ou disposición previa, aprobada polo Consello de Goberno da UDC, que afecte ás reducións da dedicación docente por actividades de coordinación, dirección e tutela académica.

Esta normativa incluírase na proposta de aprobación polo Consello de Goberno do procedemento de elaboración da PDA/POD.

A aplicación efectiva das compensacións recollidas nesta normativa, no curso académico 2018/19, estará condicionada pola dispoñibilidades orzamentarias. Terán preferencia na súa aplicación aquelas que tradicionalmente viñan formando parte das compensacións do PDI da UDC nos últimos POD's aprobados.

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación do Consello de Goberno, será a encargada de dilucidar calquera dúbida ou problema en relación coa interpretación desta norma.